



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 16 de xaneiro de 2014
Hora de comezo: 13.30 h
Hora de remate: 13.55 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivos de expedientes de limpeza de leiras**
- 3. Renovación-bonificación de tarxeta de transporte metropolitano da Área de Santiago de Compostela**
- 4. Autorización para venda ambulante na feira-mercado de Lestedo; anulación de autorización de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo; aprobación reincorporación á actividade laboral habitual no posto de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo e autorización ampliación de mercadoría á venda nun posto na feira mercado de Lestedo.**
- 5. Xustificación subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para a prórroga da contratación do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.**
- 6. Xustificación técnico deportivo 2013**
- 7. Solicitude subvención para realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego**
- 8. Contratación de clases de baile para actividades de Servizos Sociais**

9. Resolución de expediente de responsabilidade patrimonial por danos.
10. Aprobación de axudas de custo dos concelleiros de xuño a decembro do ano 2013
11. Inicio contratación mantemento ascensor municipal
12. Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 2 de xaneiro de 2014.

2.Arquivos de expedientes de limpeza de leiras

A) Arquivo do expediente de limpeza da leira dedicada a monte, do lugar de Devesa-Oural.

O 28 de agosto de 2013, co número de entrada 1675, ten entrada no rexistro municipal, denuncia presentada por don Ramón Reboredo Rodríguez, en relación coa necesidade de xestión da biomasa vexetal na leira número 535, polígono 510, no lugar de A Devesa-Oural, propiedade de don Ramón Pérez Neira.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 7 de novembro de 2013 acordouse proceder co inicio de execución subsidiaria e en consecuencia coa limpeza de maleza na leira número 535, polígono 510 do lugar de A Devesa-Oural, propiedade de don Ramón Pérez Neira, ata respectar a distancia dos 50 metros libres de maleza respecto do paramento da vivenda máis cercana e así sinalado na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo comunícanse o custo dos traballos de execución subsidiaria e dáselle trámite de audiencia.

Feita inspección técnica o día 8 de xaneiro de 2014 *“no lugar de A Devesa-Oural, compróbase que se procedeu coa limpeza de maleza na leira número 535, polígono 510. Cúmprese coas distancias sinaladas na normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia”*.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1.Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Ramón Pérez Neira, propietario da leira número 535, polígono 510 do lugar de A Devesa-Oural, por procederse cos traballos de limpeza de maleza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2.Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3.Comunicar o acordo ó interesado.

B) Arquivo do expediente de limpeza da leira dedicada a monte, do lugar de Rubial-Lestedo.

O 27 de novembro de 2012, co número de entrada 12/2715, don Miguel Angel Tembra Outeiral presenta escrito no Concello de Boqueixón solicitando a corta de eucaliptos que están enfronte da súa vivenda, no lugar de Rubial-Lestedo nº 22, por non gardar as distancias esixidas polo artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais de Galicia.

Expón que a leira é a número 142, polígono 506 é propiedade de AGADER.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 22 de agosto de 2013 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa corta do arbolado (eucaliptos) na leira número 142, polígono 506, do lugar de Rubial-Lestedo, propiedade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ata respectar a distancia dos 30 metros respecto do paramento da vivenda e así sinalado no artigo 21 da Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo solicítaselle que autorizen a entrada na citada leira e que aboem os custos da execución subsidiaria.

Feita inspección técnica o día 8 de xaneiro de 2014 *“no lugar de Lestedo- Rubial, enfronte da vivenda de don Miguel Tembra, compróbase que existe unha leira dedicada a monte. Na leira procedeuse á corta total dos eucaliptos existentes. Os carballos existentes respectan a normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia”*.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, propietario da leira número 142, polígono 506, do lugar de Rubial - Lestedo, por procederse cos traballos de corta de eucaliptos ata gardar as distancias esixidas pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo ó interesado.

C) Arquivo do expediente de limpeza da leira número 10130, polígono 506, do lugar de Cachosenande-Lestedo

O 7 de setembro de 2013, co número de entrada 13/1755, don Victoriano Manuel Villanueva Colomina, en representación de Cartisán de Gestión SL, presenta escrito solicitando a corta de pinos que están preto da casa, propiedade de Cartisán de Gestión SL, para que se cumpra coa normativa da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Manifesta que dita leira é a número 10130, polígono 506, propiedade de dona María do Carme Quinteiro Cortés.

Solicita que se proceda a corta do arbolado, posto que están a 18 metros da vivenda, tendo que ser a distancia legal, 30 metros perimetrais libres de arbolado (piñeiros)

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 19 de setembro de 2013 acordouse requirir á propietaria da leira dedicada a monte, número 10130, polígono 506, do lugar de Cachosenande-Lestedo, dona María do Carme Quinteiro Cortés, que procedese coa corta

do arbolado, nunha franxa de 30 metros perimetrais, respecto da vivenda de Cartisán de Gestión SL.

Feita inspección técnica o 8 de xaneiro de 2014 compróbase que “no lugar de Cachosenande-Lestedo, en relación coa solicitude de corta de arbolado na leira dedicada a monte número 10130, polígono 506.....procedeuse á corta do arbolado (coníferas). Cúmprese coa normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

- 1.Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona María do Carme Quinteiro Cortés, propietaria da leira número 10130, polígono 506, do lugar de Cachosenande-Lestedo, por procederse cos traballos de corta do arbolado (coníferas) ata gardar as distancias esixidas pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
- 2.Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
- 3.Comunicar o acordo á interesada.

3.Renovación-bonificación de tarxeta de transporte metropolitano da Área de Santiago de Compostela

Con data 14/01/2014 e número de rexistro de entrada 14/59, foi presentada solicitude de renovación e documentación, para a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, a nome de José Ignacio Fuentenebro Parada, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: XXXXXX

Por isto, e logo de reunir os requisitos establecidos na ordenanza reguladora municipal, (publicada no no BOP número 128 do 06/07/2012) proponse a renovación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, neste caso, **para solicitantes en situación de discapacidade**, a que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. A renovación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, **para solicitantes en situación de discapacidade**, solicitada por: don José Ignacio Fuentenebro Parada, con DNI XXXX, veciño da parroquia de Lestedo, titular da tarxeta de transporte metropolitano número XXXXX
2. O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.

3. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.
4. Notificar este acordo ao interesado.

4. Autorización para venda ambulante na feira-mercado de Lestedo; anulación de autorización de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo; aprobación reincorporación á actividade laboral habitual no posto de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo e autorización ampliación de mercadoría á venda nun posto na feira mercado de Lestedo.

A) Anulación de autorización de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Na Xunta de Goberno de data 7 de marzo de 2013, acordouse autorizar a D. Antonio Argibay Abilleira para instalar un posto de venda ambulante co nº 46A na Feira- mercado de Lestedo.

Con rexistro de entrada nº 13/2451 de data 26 de decembro de 2013, déuselle entrada neste concello á solicitude de anulación de autorización para instalar posto na Feira- mercado de Lestedo de D. Antonio Argibay Abilleira, alegando motivos médicos que lle impiden desenvolver a súa actividade laboral na citada feira.

Vista a solicitude de anulación que acompaña da autorización orixinal do titular que lle fora entregada no seu día a Xunta de Goberno, acorda:

- 1.- Anular a autorización para a venda ambulante no posto nº 46A de Dº. Antonio Argibay Abilleira.
- 2.- Comunicar este acordo ó interesado.

B) Autorización para venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Con rexistro nº 13/2452 do día 26 de decembro de 2013 deuselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para don Juan José Bernárdez Carbón con DNI XXXXX na Feira – mercado de Lestedo.

Unha vez revisada a documentación destas solicitudes, compróbase que a documentación presentada se axusta ós requirimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e á Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda ambulante nas feiras- mercados de Boqueixón, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Autorizar á don Juan José Bernárdez Carbón para instalar un posto na feira – mercado de Lestedo e adxudicarlle o posto número 46A.
2. Comunicar este acordo ó novo titular autorizado.

C) Aprobación reincorporación á actividade laboral habitual no posto de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Por decreto de data 17 de xuño de 2011 e tras a revisión da solicitude e da documentación aportada, concedéuselle a autorización para a instalación do posto de venda ambulante número 44 á D. Joaquín Sampaio.

Con rexistro número 13/1787 do día 12 de setembro de 2013 déuselle entrada neste concello á solicitude de D. Joaquín Sampaio, na que comunica unha grave enfermidade que lle impedirá desenvolver por un tempo a súa actividade laboral na feira de Lestedo. O titular do posto solicita se teña en conta esta situación médica e se lle reserve a súa praza así como manter vixente a súa autorización.

Tal como recolle a ordenanza reguladora de expedición do carné de venda ambulante nas feiras mercados neste termo municipal, considérase unha falta moi grave que o titular ou suplente interrompa a súa actividade de venda ambulante e non monte o posto de venda durante 4 ocasións consecutivas sen xustificación, e considerada xustificada a interrupción da referida actividade,

Na Xunta de Goberno do 19 de setembro de 2013 acordouse que:

“1º.- Vista a situación médica grave, reservar a praza, mantendo vixente a autorización de Dº. Joaquín Sampaio ata o 01/01/2014, sen custo algún.

2º.- Previo ó vencemento deste prazo, o titular ou cónxuxe deberá facer unha solicitude de prórroga de mantemento da praza coa conseguinte vixencia da autorización acompañada polo correspondente xustificante médico”.

Con rexistro de entrada número 13/2478 de data do 30 de decembro do 2013 déuselle entrada á solicitude de D. Joaquín Sampaio no que pide se teña por comunicada a súa reincorporación á actividade habitual no seu posto autorizado na feira – mercado de Lestedo

Dita comunicación realízase no prazo fixado para o mantemento da vixencia da autorización.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar a reincorporación de D. Joaquín Sampaio á actividade habitual do posto de venda ambulante número 44.
- Comunicar dito acordo ó interesado.

D) Ampliación de mercadoría á venda nun posto na feira mercado de Lestedo.

Con rexistro número 12/2448 do día 18 de outubro de 2012 déuselle entrada neste concello á solicitude de don Julio Gens Martínez con DNI XXXXX, titular autorizado co posto número 10 na feira – mercado de Lestedo.

O titular está actualmente autorizado para a venda de alimentación e xoguetes.

Na citada solicitude require permiso para a venda de calzado ademais da mercadoría xa autorizada. Achega xunto coa solicitude a declaración tributaria acreditando a alta no epígrafe IAE correspondente á venda de mercadoría solicitada.

Unha vez revisada a documentación aportada polo solicitante, queda comprobado que se axusta ós requirimentos da Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados- feiras de Boqueixón e polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Autorizar a D. Julio Gens Martínez á ampliación do tipo de mercadoría á venda, permitindo tamén a venda de calzado.

2.- Comunicar este acordo ó interesado.

5.Xustificación subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para a prórroga da contratación do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

No DOG nº 188 do 2 de outubro 2012 saú publicada a Orde do 26 de setembro de 2012 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2012.

Con data de 5 de marzo de 2013 (registro nº 13/435) recíbese a Resolución da Consellería de Traballo e Benestar concedendo unha subvención de 4.616,16 € para a prórroga da contratación do AEDL María Cruz Ferreiro Sanín. Expediente número: TR351B 2012/2-1.

O artigo 16 da citada Orde referente ás obrigas das entidades beneficiarias, recolle o deber de presentar ante a xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo de dous meses, unha vez finalizado a súa execución a xustificación final do servizo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Que a subvención percibida para a prórroga da contratación do servizo denominado “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” e executado no período comprendido entre 12/12/2012 e 11/12/2013 destinouse aos fins para os que se concedeu e conforme ao disposto na normativa aplicable.

2.- Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación:

Mes	Custos Salariais Mensuais (1)			Custos Seg. Social Mensuais (2)			Totais
	Salario Bruto (Inc.Pluses Salariais)	P.P.Pagas Extras (No Seu Caso)	Custo Salarial Mensual/Base De Cotización (A)	% Cota Patronal Á Seguridade Social	CNAE	Cota Patronal Á Seg.Social (B)	Total Custo Mensual (A+B)
Decembro 2012	786,47	131,08	917,55	32,10%	A	294,53	1.212,08
Xaneiro 2013	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Febreiro 2013	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Mar-13	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Abr-13	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Maio 2013	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Xuño 2013	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71

Xullo 2013	1.188,52	198.09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Ago-13	1.188,52	198.09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Setembro 2013	1.188,52	198.09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Outubro 2013	1.188,52	198.09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Novembro 2013	1.188,52	198.09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Decembro 2013	435,79	72,63	508,42	32,10%	A	163,20	671,62
Subvención Xustificada			16.678,68			5.353,86	22.032,54

3.- Aprobar a memoria final sobre a actividades realizadas polo AEDL que se acompañará na xustificación xunto con:

- Certificados de fin de servizo segundo modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- Nóminas aboadas á traballadora contratada
- Boletins de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2)
- Resúmen anual das retencións practicadas en concepto do IRPF, Modelo 190.
- Extractos ou cargos bancarios correspondentes.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Consellería de Traballo e Benestar na información que realizou do desenvolvemento das actividades.

5.- Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

6.Xustificación técnico deportivo 2013

O día 19 de xuño ten entrada no rexistro municipal a resolución da axuda concedida a este concello para a contratación dun técnico deportivo correspondente á convocatoria do ano 2013.

O importe concedido é de 7.490,56 euros e o importe que se ten que xustificar é de 12.484,27 euros.

Con data 25 de xullo foi ingresada a cantidade de 3.745,28 euros que corresponde co 50% da axuda concedida. O traballador que leva a cabo a actividade é Ricardo Romero Pérez, laboral fixo deste concello.

O prazo para xustificar a subvención remata o día 31 de maio.

Segundo a orde da convocatoria, publicada no BOP nº 239 do día 17/12/2012, deberase certificar os pagos realizados ó traballador mensualmente, indicando data, importe bruto de nómina e importe da seguridade social con cargo á entidade.

Así mesmo, deberase enviar unha memoria da actividade desenvolvida polo técnico deportivo, debidamente asinada en todas as follas con identificación do asinante (nome e apelidos e cargo) e tamén copia compulsada do título que acredite a titulación do técnico.

Polo tanto, ó ser necesario xustificar o gasto realizado para o cobro do importe íntegro da subvención a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a memoria de actividades desenvolvida por esta entidade

2. Aprobar os seguintes pagos realizados ó técnico deportivo, comprendidos entre o día 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2013, desagregados do seguinte xeito:

Data/ mes	Importe bruto	Seguridade Social	Total
31/01/2013	925,15	531,87	1.457,02
28/02/2013	925,15	531,87	1.457,02
31/03/2013	925,15	531,87	1.457,02
30/04/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
31/05/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
30/06/2013	2.286,36	531,87	2.818,23
31/07/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
31/08/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
30/09/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
31/10/2013	1.215,86	531,87	1.747,73
30/11/2013	1.394,13	531,87	1.926,00
31/12/2013	2.806,16	531,87	3.338,03
TOTAIS	16.557,26	6.382,44	22.939,70

3. Declarar que non se obtiveron outras axudas públicas ou privadas para esta actividade.

4. Declarar que non se ten pendente de xustificar ningunha cantidade anticipada, na que transcorrera o prazo para xustificar.

5. Enviar copia da xanela onde se fai publicidade das actividades subvencionadas pola Deputación da Coruña

6. Enviar copia compulsada do título de técnico deportivo para acreditar a titulación .

7. Solicitud de subvención para realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego

No DOGA número 249 do martes 31 de decembro de 2013, saíu publicada a Orde pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

No artigo 2 punto 1a) recolle que serán entidades beneficiarias as entidades locais e os seus organismos autónomos ou entidades que exerzan as competencias daquelas en materia de emprego ou formación, dependentes ou asimiladas a elas, cuxa titularidade corresponda integramente ás ditas entidades locais, sempre que por si soas ou asociadas, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2013 superior a 500 persoas.

No artigo 3 punto 1 recolle que serán funcións do persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego todas aquelas actuacións e medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais e profesionais da persoa beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego por conta allea ou a posta en práctica de iniciativas empresarias.

Habéndose subscrito en data de 6 de febreiro de 2012 un convenio de colaboración entre o Concello de Touro e o Concello de Boqueixón para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

Tendo en conta que o mencionado convenio tiña de vixencia a correspondente á subvención outorgada no seu caso pola Consellería de Traballo e Benestar e tendo en conta ademais que a nova orde de convocatoria recolle no artigo 7.5 que a subvención poderá ter efecto retroactivo, sempre que non se interrompese a contratación e a prestación dos servizos polas persoas técnicas de información, orientación e prospección de emprego financiadas ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 10 de abril de 2013.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 31 de xaneiro de 2014.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

A. Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha axuda económica de 20.000€ para subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, durante un período de 12 meses.

A.1. Aprobar a memoria explicativa das accións que se van desenvolver na que se reflicte:

A.1.1. Ámbito xeográfico.

A.1.2. Atención colectivos con necesidades especiais.

A.1.3. Descrición das accións que se van realizar e a súa xustificación.

A.1.4. Metodoloxía do servizo.

A.1.5. Recursos humanos, materiais e técnicos.

A.1.6. Descrición dos sistemas de avaliación propios da calidade dos servizos prestados aos demandantes de emprego.

A.1.7. Experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas.

A.1.8. Descrición das medidas de carácter ocupacional complementarias desenvolvidas pola entidade.

A.1.9. Centros, persoal e subvención solicitada.

B. Prorrogar a contratación da traballadora máis abaixo relacionada, de acordo coas condicións seguintes:

B.1. - Traballadora: Lucía Veleiro Ferreiro

- Alta: 01/02/2014

- Categoría profesional: Técnico en orientación laboral

- Coste salarial bruto: 1.261,68€/mes = 15.140,16€ano

- Seguridade Social Concello: 405,00€/mes = 4.860€ano

- Grupo de Cotización: 1

- Modalidade de contrato: 401 Obra/Servizo determinado

- Duración do contrato: Dende 01/02/2014 ata 31/01/2015
- Importe subvención: 20.000,00€
- Aportación municipal: 0€

C. Prorrogar o convenio de colaboración asinado co Concello de Touro ata o 31 de xaneiro de 2015.

D. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

8. Contratación de clases de baile para actividades de Servizos Sociais

Desde o Departamento de Sevizos Sociais infórmase da posta en marcha dunha nova actividade dirixida ás persoas maiores, incluída dentro do programa de Envellecemento Activo do ano 2014, financiado pola Deputación da Coruña.

Formaranse dous grupos de persoas, un no ximnasio municipal e outro no local social de Sergude.

Para esta actividade é preciso a contratación dun/ha monitor/a para a impartición das clases de baile, e solicitáronse presupostos a 3 empresas.

As empresas foron as seguintes:

Fiss Coruña

Vagalume Xestión Integral de Servizos

Susana Recarey Andrade

O prezo ofertado foi por 4 sesións mensuais de 1 hora cada sesión, e os datos foron os seguintes:

Empresa	4 sesións mensuais de 1 hora
Fiss Coruña	169,40 euros
Vagalume Xestión Integral de Servizos	145,00 euros
Susana Recarey Andrade	183,92 euros

A duración do contrato será de 9 meses e o custo total do contrato será de 2.610 euros.

Segundo a lei de contratos, trataríase dun contrato menor.

No expediente consta o informe dos servizos sociais e de contratación, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Adxudicar o contrato de clases de baile para a realización da actividade de Bailoterapia para maiores á empresa Vagalume Xestión Integral de Servizos por importe de 145,00 euros/mes pola impartición de 4 sesións mensuais de 1 hora cada sesión a cada un dos grupos.

2. Comunicar á empresa que no prazo de 5 días hábiles presente a seguinte documentación para o efecto de formalizar e asinar o contrato:

Xustificantes de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributaria e coa Seguridade Social

Xustificantes de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución dos contratos.

Declaración de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar e polo tanto, que se reúne tódolos requisitos para ser contratista coa administración pública.

9.Resolución de expediente de responsabilidade patrimonial por danos.

Antecedentes

O 19 de novembro de 2013, co número de entrada 13/2222, recíbese no Concello de Boqueixón escrito, de data 13/11/2013, asinado por don Alejandro López González, en representación da compañía de seguros Catalana Occidente SA, formulando reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración Pública polos danos sufridos no vehículo “Fiat Tempra 1.9 TD, matrícula C 5955 BG, propiedade de don Manuel Santos Seoane, como consecuencia do sinistro que tivo lugar o día 24 de xuño de 2013, na estrada local entre Vigo e Gastrar, á altura do quilómetro 0.6.

O citado sinistro foi como consecuencia da irrupción brusca na estrada dun xabaril. O vehículo impactou co animal, o que produxo danos na zona frontal do vehículo.

Reclama don Alejandro López González, en representación da compañía de seguros Catalana Occidente SA, o importe total de oitocentos vinte euros (820 €), en concepto de valor venal do vehículo, posto que como consecuencia do impacto o vehículo sufriu danos na parte dianteira e os mesmos non foron reparados por resultar antieconómica a reparación.

Aporta a seguinte documentación: copia da escritura de poder notarial de representación da compañía de “Seguros Catalana Occidente SA de Seguros y Reaseguros” a favor de don Alejandro López González; copia do informe estadístico de AENA, Dirección Xeral de Tráfico; informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Conservación da Natureza; informe pericial de seguros Catalana Occidente; copia da póliza, en vigor, do seguro do vehículo sinistrado e copia do xustificante de transferencia ó asegurado e propietario do vehículo, don Manuel Santos Seoane, da transferencia por parte de Catalana Occidente, do importe total de 820,00 €.

Na Xunta de Goberno do 5 de decembro de 2013 acordouse iniciar o expediente para determinar, coñecer e comprobar os datos segundo os cales se deba pronunciar a resolución e nomear instrutor do expediente a don Juan Corral Sánchez.

A vista de toda a documentación aportada o instrutor do expediente, con data 9 de xaneiro dita a seguinte proposta de resolución:

*“Aceptar a solicitude presentada por don Alejandro López González, representante da compañía de seguros Catalana Occidente SA, formulando reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de **oitocentos vinte euros**, polos danos causados no vehículo Fiat Tempra 1.9 TD, matrícula C 5955 BG, como consecuencia da*

invasión repentina dun xabaril na estrada local (entre as localidades de Vigo e Gastrar,), dirección Vigo, á altura do punto quilométrico 0.6 , termo municipal de Boqueixón.

Dita responsabilidade derívase da existencia de nexo causal entre o dano producido e o funcionamento do servizo público, “ inexistencia de sinalización vertical advertindo da posible existencia de animais salvaxes na estrada local”.

Consideracións legais:

1) Artigo 57 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, RDL 339/1990, de 2 de marzo, que obriga ao titular dunha vía a” mantela nas mellores condicións posibles de seguridade”, instalando nela “ as axeitadas sinais e marcas viais “.

2) Artigos 139 e seguintes ,da Lei 30/ 92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común que fan referencia á responsabilidade patrimonial das Administracións públicas por danos que sufran os particulares nos seus bens ou dereitos, consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, efectivos, avaliábeis economicamente, individualizados e con inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e o dano.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1.Aceptar a reclamación de responsabilidade patrimonial, presentada por don Alejandro López González, representante da compañía de seguros Catalana Occidente SA, cuxo importe ascende a **oítocentos vinte euros**, derivada dos danos causados no vehículo Fiat Tempra 1.9 TD, matrícula C 5955 BG, como consecuencia da invasión repentina dun xabaril na estrada local (entre as localidades de Vigo e Gastrar,), dirección Vigo, á altura do punto quilométrico 0.6 , termo municipal de Boqueixón.

2.Comunicar este acordo o interesado.

3.Comunicar este acordo ó departamento de Tesourería-Intervención ós efectos oportunos.

10.Aprobación de axudas de custo dos concelleiros de xuño a decembro do ano 2013

A Xunta de Goberno, por unanimidade acordar aprobar as seguintes axudas de custo dos Concelleiros, correspondentes ós meses de xuño a decembro do 2013:

PLENOS	10/07/13	11/09/13	13/11/13	TOTAL
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €	0 €	0 €
D. Manuel Mouriño	120 €	120 €	120 €	360 €
D. Antonio Gonzalez	120 €	120 €	120 €	360 €
Dna. Dolores Garcia	120 €	120 €	120 €	360 €
Dna. Sonia Rodríguez	120 €	120 €	120 €	360 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €	120 €	360 €
Dna. Raquel García	0 €	120 €	120 €	240 €
Dna. Adela Redondo	120 €	120 €	120 €	360 €

D. Jesús Neira Varela	120 €	120 €	120 €	360 €
D. Xabier Canabal	120 €	120 €	120 €	360 €
D. Perfecto Barcala	120 €	120 €	120 €	360 €

XUNTAS DE GOBERNO I	06/06/2013	20/06/2013	04/07/13	18/07/13	01/08/13	22/08/13	05/09/13	19/09/2013	03/10/2013	24/10/2013
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. Manuel Mouriño	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	0 €
Dª. Raquel García	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	0 €

XUNTAS DE GOBERNO II	07/11/2013	21/11/2013	05/12/2013	19/12/2013	TOTAL
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. Manuel Mouriño	120 €	120 €	120 €	120 €	1.680 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €	120 €	120 €	1.560 €
Dª. Raquel García	120 €	120 €	120 €	120 €	1.560 €

COMISIONS DE CONTAS	24/10/13	TOTAL
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €
Dna. Raquel García	120 €	120 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €
Dna. Dolores García	120 €	120 €
D. Xabier Canabal	120 €	120 €
D. Perfecto Barcala	120 €	120 €

	TOTAL BRUTO	IRPF 15 %	TOTAL LÍQUIDO
D. Jesus Sanjuás	0 €	- €	0 €
D. Manuel Mouriño	2.040 €	306 €	1.734 €
D. Antonio Gonzalez	360 €	54 €	306 €
Dna. Dolores García	480 €	72 €	408 €
Dna. Sonia Rodríguez	360 €	54 €	306 €
D. J. Santasmarinas	2.040 €	306 €	1.734 €
Dna. Raquel García	1.920 €	288 €	1.632 €
Dna. Adela Redondo	360 €	54 €	306 €
D. Jesus Neira Varela	360 €	54 €	306 €
D. Xabier Canabal	480 €	72 €	408 €
D. Perfecto Barcala	480 €	72 €	408 €
TOTAIS	8.880,00 €	1.332,00 €	7.548,00 €

11. Inicio contratación mantemento ascensor municipal

Desde o ano 2008 e con ocasión da reforma da casa consistorial levada a cabo, está en funcionamento un aparello elevador que comunica a planta baixa coa primeira planta para a eliminación das barreiras arquitectónicas existentes e facilitar o acceso ós minusválidos que acudan ós servizos municipais.

Desde ese ano, a empresa Orona leva prestando o servizo de mantemento deste ascensor, que por lei debe ser mensualmente para comprobar que todos os sistemas están en perfecto estado.

O contrato con esta empresa finaliza o día 20 de febreiro, e polo tanto, urxe a contratación do servizo. Para dar cumprimento ás bases de execución do presuposto 2014 vaise a levar a cabo un procedemento negociado onde se enviarán invitacións a distintas empresas do sector con sede na provincia e/ou delegación en Santiago de Compostela.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar a contratación por procedemento negociado sen publicidade para o mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón.

2. Aprobar os seguintes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que van rexer o contrato e que a continuación se transcriben literalmente:

Prego de Cláusulas Económicas e Administrativas particulares que rexen a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón

INDICE

Cláusula 1. Obxecto

Cláusula 2. Órgano de contratación

Cláusula 3. Natureza xurídica e réxime xurídico

Cláusula 4. Orzamento de licitación, prezo do contrato, sistema de determinación do prezo e revisión

Cláusula 5. Aplicación orzamentaria

Cláusula 6. Categoría do contrato

Cláusula 7. Capacidade para contratar e clasificación do contratista

Cláusula 8. Unións temporais de empresas

Cláusula 9. Garantías

Cláusula 10. Anuncio e perfil do contratante

Cláusula 11. Procedemento de adxudicación e tramitación

Cláusula 12. Presentación de proposicións

Cláusula 13. Documentos: orixinais e copias

Cláusula 14. Criterios de negociación e adxudicación

Cláusula 15. Clasificación de ofertas e requirimento de documentación

Cláusula 16. Adxudicación

Cláusula 17. Formalización do contrato

Cláusula 18. Publicidade da formalización do contrato

Cláusula 19. Dirección e inspección dos traballos e responsable do contrato

Cláusula 20. Obrigas do adxudicatario

Cláusula 21. Gastos e impostos por conta do contratista

Cláusula 22. Abonos ó contratista

Cláusula 23. Modificación do contrato

- Cláusula 24. Duración do contrato e posibilidade de prórroga**
- Cláusula 25. Resolución e extinción do contrato**
- Cláusula 26. Prazo de garantía**
- Cláusula 27. Devolución e cancelación da garantía definitiva**
- Cláusula 28. Réxime xurídico e réxime de recursos**
- Cláusula 29 Anexos**

Prego de Prescricións Técnicas que rexen a contratación do servizo de mantemento dos ascensores no Concello de Boqueixón

- Cláusula 1 . Obxecto do contrato**
- Cláusula 2. Operacións e materiais incluídos**
- Cláusula 3. Condicións do servizo de mantemento**
- Cláusula 4. Reposición de pezas**
- Cláusula 5. Tempo de resposta**
- Cláusula 6. Comprobación das instalacións e programa de mantemento**

ANEXO II . Relación de ascensores

ANEXO II. Programas de mantemento mínimo para os ascensores

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

1. OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- E obxecto deste contrato realizar a prestación do servizo de mantemento dos ascensores pertencentes ao Concello de Boqueixón detallados no prego de prescricións técnicas que rexe esta contratación.

1.2.- CPV 2008: 50750000-7

1.3.- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: o mantemento integral dos ascensores instalados nas diferentes dependencias do Concello de Boqueixón, coa finalidade primordial de conservar as características funcionais e seguridade das instalacións, así como de conseguir a máxima eficiencia dos seus equipos.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto de delegación de competencias do alcalde de data 31 de outubro de 2012 publicado no BOP nº 227 do día 28/11/2012.

3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO.

3.1.- O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Publico (en diante, TRLCSP); e cualifícase como contrato de servizos ao abeiro do disposto no artigo 10 do TRLCSP.

3.2.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 19.2 da TRLCSP e para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse por:

- o presente prego de cláusulas administrativas particulares
- o prego de prescricións técnicas
- o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Publico
- o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ao TRTRLCSP
- o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Publico
- supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado
- asemade, ao contrato seralle de aplicación a normativa específica que resulte aplicable sobre a materia a que se refire o contrato 2

4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, PREZO DO CONTRATO, SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO E REVISIÓN.

4.1.- O orzamento de licitación e de **1.560,72 euros**, mais **327,72 euros** que corresponden ao 21 % de IVE, o que supón un total de **1.888,44 euros**.

O valor estimado do contrato e de **7.553,76 euros**.

4.2.- No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adxudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

4.3.- O sistema de determinación do prezo fíxose a tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 278 da LCSP.

4.4.- A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato se tivera executado alomenos nun 20% do seu importe e teña transcorrido un ano dende a súa adxudicación, data que se tomara como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 91.3 do TRLCSP.

Dita revisión de prezos levarase a cabo de conformidade co establecido nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP, aplicando ao prezo inicial a variación experimentada polos incrementos ou diminucións do IPC dos últimos doce meses publicado polo INE, sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado.

O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nos pagamentos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non puidera incluírse en ditos pagamentos parciais.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento con cargo a aplicación **921.213**

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e nos artigos 79 e seguintes do Decreto 500/90, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

6. CATEGORÍA DO CONTRATO.

Categoría 1 do ANEXO II.

7) CAPACIDADE PARA CONTRATAR E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión da clasificación empresarial, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, polos medios establecidos na cláusula 15 deste prego.

8) UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedaran obrigados solidariamente diante da administración.

9) GARANTÍAS.

9.1.- Provisional: Non se esixe.

9.2.- Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa debera prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

10. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1.- O procedemento a que se refire o presente prego anunciarase no perfil de contratante.

10.2.- Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público a información relativa a actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente a licitación aberta a través de internet na seguinte paxina web: www.boqueixon.com

11) PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN.

A adxudicación realizarase a través do sistema de procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do previsto nos artigos 169, 174 e), 176 e 178 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP). A tramitación do procedemento será ordinaria.

12) PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

12.1.- Observacións.

As empresas licitadoras poderán realizar as visitas que consideren oportunas para recoñecer as instalacións obxecto deste contrato ata 72 horas antes da finalización do prazo de presentación de proposicións. Estas visitas deberan notificarse coa suficiente antelación ao Concello para que este a comunique aos respectivos centros co obxecto de facilitar este acceso. O Concello reservarase o dereito de acompañar en todas ou en algunhas visitas as empresas licitadoras, mediante o persoal que designe.

12.2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de oito días naturais, contados dende o día seguinte ao da recepción da invitación cursada para participar no proceso de contratación, en horas de nove a catorce e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.3 e 12.4.

12.3.- Forma.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentaran dous sobres: **SOBRE A** (documentación xeral) e **SOBRE B** (documentación técnica e económica), do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se e o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

As indicacións de **SOBRE A** e **SOBRE B**, respectivamente, deberan figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constara a lenda:

“Proposición para tomar parte na contratación do servizo: (deberase indicar neste espazo a denominación do contrato)”.

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do ultimo día de prazo. Neste caso o licitador debera xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, fax (981 513 000) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se e recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade a data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes a indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación da proposición presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Toda a documentación presentarase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.4.- Documentación.

· Sobre A: Subtitulado “Documentación xeral”.

No sobre A figurara a seguinte documentación:

- Declaración responsable nos termos do Anexo I deste prego, debidamente cuberta e asinada.
- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación.

Axustarase ao modelo establecido no **Anexo III**.

- No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles debera cubrir o **Anexo I**, incluíndo ademais unha declaración responsable suscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figuraran:

a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen

b) a participación de cada un na unión a constituír

c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato

d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

· Sobre B: Subtitulado “Documentación técnica e económica”

No sobre B figurara a seguinte documentación:

B.1) Documentación técnica.

Incluirase a seguinte documentación:

- Proposta de mantemento: incluírá o programa de mantemento preventivo e protocolos de actuación do mantemento correctivo

- Recursos humanos dos que a empresa dispón: nome, formación e experiencia das persoas que traballaran no mantemento. Estimación do tempo de dedicación aos programas de mantemento.

- Recursos materiais dos que a empresa dispón para as tarefas de inspección que se deben realizar.

- Aqueles documentos que se esixan nas prescricións técnicas (no seu caso) e aqueles que sexan precisos e/ou importantes para a valoración das proposicións de conformidade co establecido cos criterios de negociación e adxudicación establecidos na cláusula 14.

B.2) Documentación económica.

Incluirase a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se achega como **Anexo II** deste prego.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía que a que figura na cláusula 4.1. deste prego.

Serán inadmisibles, asemade, as ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en numero e letra.

13) DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.

Os documentos que se acompañen as proposicións e os que sexan solicitados aos licitadores deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN E ADXUDICACIÓN.

Serán criterios obxecto de negociación e adxudicación os seguintes:

Nº	CRITERIOS DE VALORACIÓN E ASPECTOS DE NEGOCIACIÓN	VALORACIÓN
1	Prezo ofertado (entendéndose como mellor oferta a que presente o prezo máis baixo)	Ata 80 puntos
2	Infraestruturas e medios materiais da empresa (delegacións de Santiago de Compostela, delegacións en Galicia, automóviles, facturación anual)	Ata 5 puntos
3	Medios humanos da empresa (operarios en Santiago de Compostela, operarios en Galicia, currículo vitae dos mesmos)	Ata 5 puntos
4	Equipo técnico e dedicación do persoal que a empresa asignará á inspección dos equipos (horas previstas, número de operarios, currículo vitae)	Ata 5 puntos
5	Melloras en relación coa prestación do servizo (por encima dos mínimos esixidos no prego)	Ata 5 puntos
6	Total	100 puntos

A negociación, no seu caso, desenvolverase a través do seguinte procedemento: se o órgano de contratación considera, á vista das ofertas presentadas, que existen elementos susceptibles de negociación, reformulación ou mellora, porao por escrito, en coñecemento de todos os licitadores, indicando tales elementos. Os licitadores poderán entón presentar por escrito, nun prazo de 5 días, a súa contestación, reformulando, no seu caso, os termos da súa oferta. En todo caso aplicaranse nesta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia nesta fase.

15) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario:

- a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.
- b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia autentica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos,

no seu caso, no Rexistro publico que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou

a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberan acreditar que cumpren este requisito.

d) Empresas non comunitarias: deberan acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades as que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberan xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector publico asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.

b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.

c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Publico correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro publico que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. Xunto coa dilixencia de bastanteo debera de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non esta incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo V ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

a) A solvencia económica e financeira deba probarse a través de algún ou varios dos medios relacionados no artigo 75 do TRLCSP modificado pola Lei 25/2013 de 28 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

b) A solvencia técnica ou profesional deba acreditarse mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa a descrición do obxecto dos ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

5.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base a devandita autorización.

(A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Boqueixón será comprobada de oficio polo Departamento correspondente).

6.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas:

orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

7.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

8.- Escritura pública de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

9.- No seu caso, documentación acreditativa da efectiva disposición de medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir a execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 64.2 do TRLCSP.

10.- Documentación xustificativa da existencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra a produción de danos ou prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se deriven da prestación do servizo contratado: póliza e recibo acreditativo da súa vixencia.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3o do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

16) ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación debera adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a data de recepción da documentación a que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse a súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución debera aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

18) PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

18.1.- A formalización dos contratos cuxa contía sexa igual ou superior as cantidades indicadas no artigo 138.3 publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

18.2.- Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso de contratos de xestión de servizos públicos, cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior ao dito importe, ou o seu prazo de duración exceda os cinco anos, deberase publicar, ademais, no BOE ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias, un anuncio en que se dea conta da dita formalización, nun prazo non superior a corenta e oito días contados desde a data desta.

19) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DOS TRABALLOS E RESPONSABLE DO CONTRATO.

19.1.- O servizo de contratación será quen inspeccione dun xeito continuado e directo, a execución do contrato para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trata. Asemade, cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación en todo o relativo ao correcto desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

20) OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

20.1.- Obrigas xenéricas.

- O/A contratista executara o obxecto do contrato con estrita suxeición as estipulacións contidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como as instrucións que no seu caso lle de o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

- O/A contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato, achegara a súa propia dirección e xestión na execución do contrato, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

- Asemade, o/a contratista non poderá introducir alteracións no contrato ao longo da súa execución sen autorización previa do órgano de contratación, que recibira puntualmente información de todas as incidencias que ocorran no transcurso do mesmo.

- O/A contratista esta obrigado a cumprir a lexislación ambiental vixente e outra que se aprobe mentres o contrato estea en vigor.

- A empresa adxudicataria debera estar en posesión de cantas licencias, permisos ou títulos oficiais precise para cumprir coa prestación obxecto do contrato, sendo pola súa conta todos os gastos e xestións que se deriven da súa obtención.

- A empresa adxudicataria figurara no Rexistro de empresas conservadoras e mantedoras de ascensores da Provincia de A Coruña.

- O contratista estará obrigado a subscribir unha póliza de responsabilidade civil que cubra as contingencias de danos a persoas e a bens de titularidade do Concello e doutros que poidan ser afectados como consecuencia da prestación do servizo contratado. No caso de que a empresa tena xa subscrita unha póliza desas características, o Concello poderá esixir que se complementa, se considera que non cubre todos os riscos que estima que deberían de quedar necesariamente cubertos para a realización do servizo, coas máximas garantías de seguridade. O importe da cobertura debera respectar os mínimos legais

establecidos. A obriga de ter contratada unha póliza destas características estenderase durante todo o tempo de duración do contrato, incluídas as prorrogas, no seu caso.

20.2.- Obrigas específicas en relación co persoal.

- A empresa adxudicataria comunicará ao Concello de Boqueixón a relación nominal de todo o persoal que traballará nas tarefas de inspección obxecto deste contrato, así como a función, categoría e especialidade de cada unha delas. Será responsabilidade da empresa adxudicataria que o persoal que participe nas tarefas de inspección teña o grao de formación suficiente para a súa realización; no caso de que se requira unha formación ou licenza específica para tarefas determinadas isto tamén será responsabilidade da empresa adxudicataria.

- No caso de ausencias ou substitucións temporal ou definitiva por enfermidade, vacacións ou outras situacións que poidan xurdir, a empresa adxudicataria está obrigada a notificar dita situación ao concello, con indicación do nome das persoas substituídas, período de substitución e nome do substituto. Procederáse da mesma forma en caso de baixas ou incorporación de persoal as tarefas de inspección obxecto deste contrato.

- A formación dos traballadores correrá por conta da empresa adxudicataria. Este coidará de que o persoal posúa a formación, a experiencia e o nivel profesional necesarios para garantir a calidade dos traballos.

- O Concello de Boqueixón poderá esixir ao adxudicatario a substitución ou traslado de calquera traballador adscrito aos servizos de inspección por consideralo inadecuado, no caso de que non proceda coa debida corrección e profesionalidade nas súas dependencias; o contratista estará obrigado a remprazalo nun prazo non superior a 48 horas.

- Non existirá relación laboral algunha entre o persoal da empresa adxudicataria ou das empresas subcontratadas co Concello de Boqueixón, nin dereito ningún deste persoal a esixir responsabilidades de calquera clase ao concello, aínda no suposto de que os despidos e medidas que se adopten se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

- No caso de que o Concello autorice a subcontratación dalgunha parte do contrato, a empresa adxudicataria comprobará que o persoal subcontratado cumpre as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

- A empresa adxudicataria estará obrigada ao cumprimento estrito da normativa legal vixente en materia de prevención de riscos laborais.

- A empresa adxudicataria adoptara, antes do inicio da prestación, as medidas axeitadas para que os traballadores reciban a información relativa aos riscos para a seguridade e saúde que afecten a empresa no seu conxunto e a cada tipo de posto de traballo ou función; as medidas de protección e prevención existentes fronte aos devanditos riscos; e as medidas de emerxencia.

- A adxudicataria provera aos traballadores dos materiais e dos equipos de protección necesarios, que deberan estar homologados e ser utilizados en función dos riscos dos traballos. Asemade, velara para que o seu persoal utilice os equipos de protección individual cando sexa necesario pola natureza dos traballos. O vestiario do persoal da empresa ocupado na realización das tarefas que constitúen o obxecto deste contrato, será por conta da adxudicataria, e deberá manterse en todo momento en esmeradas condicións de limpeza e correcta presentación.

- O contratista concertara operacións de seguro que cubran a previsión de riscos derivados do traballo (danos por accidente respecto dos seus traballadores) segundo as obrigas establecidas na lexislación vixente.

- A empresa adxudicataria equipara ao persoal de inspección destinado a prestar os servizos no Concello de cantos equipos, ferramentas, útiles, etc., sexan necesarios para realizar as operacións descritas no programa de inspección correspondente. Asemade, debера contar con toda a ferramenta esixida na normativa vixente.

- Todas as ferramentas, equipos portátiles de uso manual, elementos de taller de uso fixo, medios de transporte internos e externos e estadas (andamios) que se deban utilizar nas tarefas incluídas neste contrato correrán por conta do adxudicatario, incluíndo todo tipo de instrumentos de medida e control.

21) GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados como nos orzamentos de licitación enténdense comprendidas todas as taxas e impostos, directos ou indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista.

O importe do IVE indícarase como partida independente. Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaran precisos para a execución do contrato, incluídos posibles desprazamentos.

22) ABONOS AO CONTRATISTA.

22.1.- O pago do prezo realizarase contra factura mensual. O orzamento de licitación do contrato, establecido no apartado 4.1 do prego (unha vez aplicado o coeficiente de baixa de licitación, se e o caso), fraccionarase en 24 partes ao obxecto da expedición da factura mensual.

22.2.- As facturas deberan de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e coa demais lexislación vixente para o efecto

22.3.- A administración debera aboar o importe das facturas dentro do prazo de trinta días.

22.4.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión xurda efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión.

23) MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

23.1.- A modificación do contrato rexerese polo disposto nos artigos 105 a 108 e 211 do TRLCSP.

23.2.- Cando como consecuencia de modificacións do contrato de servizos de mantemento acordadas conforme ao establecido no artigo 219 e no título V do libro I, se produza aumento, redución ou supresión de equipos a manter ou a substitución de uns equipos por outros, sempre que os mesmos estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito ningún, en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de equipos, a reclamar indemnización por ditas causas.

23.3.- No caso aumento, redución ou supresión de equipos a manter, ou de substitución duns equipos por outros, axustarase o prezo do contrato a abonar ao contratista ao que resulte da información económica aportada polo contratista na súa oferta, segundo o desagregue efectuado para cada un dos ascensores/montacargas cuxo mantemento constitúe o obxecto deste contrato.

23.4.- As variacións cuxo importe sexa igual ou menor ao 10% do importe de adxudicación non se consideraran modificación do contrato. O total das modificacións acordadas por estes motivos non poderán incrementar ou diminuír o prezo do contrato en máis dun 25% do seu importe.

24) DURACIÓN DO CONTRATO E POSIBILIDADE DE PRÓRROGA.

24.1.- A duración do contrato será de DOUS ANOS a partir do día seguinte ao da súa formalización.

24.2.- A duración do contrato poderá prorrogarse por períodos anuais, ata un máximo de outros DOUS ANOS (é dicir, 2 anos de duración inicial + posible prórroga de 1 ano + posible prórroga de 1 ano = 4 anos de duración total máxima, incluídas as prórrogas).

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización da súa duración inicial ou da prórroga correspondente, no seu caso; e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

25) RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

25.1.- Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase por resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.

25.2.- A extinción dos contratos de servizos non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que os realizaran como persoal da administración contratante.

26.3.- Concluída a vixencia do contrato e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do mesmo, este considerárase extinguido a todos os efectos.

26) PRAZO DE GARANTÍA.

O obxecto do contrato queda suxeito a un prazo de garantía de seis meses, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos efectuados quedara extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a subsanar a súa costa todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puideran derivar das responsabilidades en que poida incurrir, de acordo co establecido no presente prego e no artigo 305 do TRLCSP.

27) DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultaren responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, acordarase a devolución e cancelación da mesma.

28) RÉXIME XURÍDICO E RÉXIME DE RECURSOS.

O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) da TRLCSP, rexéndose, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo disposto no artigo 19.2 da devandita norma.

A cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin a vía administrativa, e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo,

conforme ao previsto na Lei reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados podan interpor recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto obxecto do recurso; así como calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

29) ANEXOS AO PRESENTE PREGO.

Anexo I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

Anexo II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Anexo III. AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

Anexo IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

Anexo V. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

Anexo I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto

de D.N.I. no en nome propio ou en nome e representación de

.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....

NIF.....telefono

fax.....correo electronico.....

Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, e esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº.....

- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº.....

- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....

- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....
(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de
empresas.....(ou
estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no
artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas
que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún
dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a
xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de
modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro
xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto
de D.N.I. no en nome propio ou en representación de
....., CIF nº,
sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer a licitación e adxudicación do
contrato de

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de
base a convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu
contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que
se compromete en nome
(propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato coa estrita suxeición aos documentos
citados de acordo coa seguinte oferta económica:

Nº de	Edificio	Oferta económica	Euros
1	Casa do Concello		euros
IVE (21%)			
Total prezo (Ive incluído)			

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo III

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....
con D.N.I..... telefono
e domicilio na rúa.....
no.....piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
a que representa no procedemento de adxudicación do contrato de ...
.....

AUTORIZA a administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo IV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

DON/DONA.....
con DNI..... telefono.....
e domicilio na rúa.....
nº.....piso.....CP.....provincia.....
en nome propio ou representación da empresa.....
con NIF..... teléfono.....
sendo PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA DO CONTRATO
de.....

DECLARA: que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

DON/ DONA.....con
DNI nº:....., en nome propio ou en representación da
empresa....., con
CIF:....., inscrita no Rexistro de Licitadores
de.....co nº..... sendo PROPOSTA
COMO ADXUDICATARIA do contrato de.....
.....

DECLARA:

A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se achega:

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO PÚBLICO DO MANTEMENTO DE ASCENSORES NOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o mantemento integral da maquinaria detallada no Anexo I, pertencente ao Concello de Boqueixón.

2. OPERACIÓNS E MATERIAIS INCLUIDOS

O mantemento será realizado na modalidade de mantemento a todo risco con horario de atención 24 horas ao día e incluírá:

- Mantemento preventivo: realizaranse tarefas de mantemento preventivo, tanto programadas como predictivas, para garantir o óptimo funcionamento dos equipos e minimizar avarías, incluíndo o mantemento legal segundo o Real Decreto 2291/1985, a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM 1 e a restante normativa en vigor.

Incluírá como mínimo unha revisión mensual de cada ascensor por parte da empresa conservadora coas tarefas que se indican no Anexo II.

- Mantemento correctivo: realizaranse as reparacións necesarias segundo as deficiencias detectadas nas tarefas preventivas e as correspondentes a avarías. Incluírase a reparación ou substitución daqueles compoñentes que por defectos de deseño, deterioro... deixen de ser válidos.

- Asesoramento técnico e control técnico: informarase ao Concello de Boqueixón sobre as posibles melloras das instalacións e sistemas e prestarase o asesoramento necesario.

- Limpeza e pintura: Corresponde ao adxudicatario a limpeza dos espazos (sala da máquina, oco e foso) e dos elementos do ascensor cando o precisen, así como a pintura da sala de máquina cando sexa necesario.

- Adquisición de funxibles e material de recambios, aparatos, motores, botoneiras... que polo seu uso ou deterioro sexa necesario repoñer mantendo as mesmas condicións técnicas que existían antes da entrada en vigor do contrato coa excepción das pezas deterioradas por vandalismo, obras, negligencia ou causas de forza maior.

- Servizo de emerxencia en horario de 24 horas, atención de avisos e rescate de persoas atrapadas.

- Actualización de datos diante do Rexistro de Ascensores da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, ou outras administracións públicas, no caso de ser necesaria. A empresa adxudicataria realizará os trámites para actualizar no Rexistro o cambio de empresa mantedora así como outros trámites que sexan necesarios mentres o contrato estea en vigor.

Será por conta do contratista a man de obra precisa para a resolución de todas estas tarefas, así como os materiais empregados coas limitacións que se citan neste prego.

3. CONDICIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO

A empresa adxudicataria será responsable do servizo de mantemento e de conservación, así como da posta en marcha de toda a mecánica que conduza á execución rigorosa e eficaz do servizo contratado, exercéndose a súa supervisión por parte do persoal técnico do Concello de Boqueixón.

Ademais das accións especificadas neste prego, que teñen o carácter de condición mínima, e non implica a limitación de tarefas ás incluídas nel, os licitadores poderán propoñer outras tarefas na súa oferta económica.

O adxudicatario realizará todas as tarefas obrigatorias de mantemento non especificadas, de acordo cos Regulamentos Industriais vixentes en cada momento tanto na normativa europea, como na estatal, autonómica ou local e tanto no que se refire a mantemento preventivo como a revisións periódicas, ou outra que se aprobe mentres este contrato estea en vigor.

A empresa adjudicataria comprométese a tomar as medidas para manter os parámetros e condicións de funcionamento dentro dos límites esixidos pola lexislación vixente na materia. En caso de discrepancia entre as obrigas esixidas neste contrato e as marcadas pola lexislación vixente terán preferencia as máis estritas.

Na medida do posible as actividades de mantemento e reformas dos equipos realizaranse no período non lectivo (verán, Nadal e Semana Santa) no caso de que non sexa posible reducirase ao mínimo a interrupción da prestación de servizos por parte do Concello de Boqueixón, realizándose preferiblemente en horario de 9 a 14 horas e de 16 a 21 horas. As operacións ou reparacións que impliquen a parada dos equipos serán realizadas nos prazos e horarios que sinala o Concello de Boqueixón, que poderá modificar o calendario das actuacións de mantemento no caso de que sexa incompatible co normal funcionamento del.

A empresa adjudicataria deberá indicar ao inicio do contrato calquera defecto das instalacións ou equipos que incida no seu rendemento, produza un maior gasto enerxético ou económico ou que poida ser motivo dunha futura avaría, debendo presentar os informes necesarios para corríxilos coa suficiente antelación.

As tarefas de mantemento comprenden as actuacións a nivel preventivo e correctivo dos aparatos elevadores que se indican neste prego, no caso de que sexa necesario realizar reformas das existentes será necesaria a autorización por escrito da Xerencia do Concello de Boqueixón ou do persoal técnico que esta determine; estas modificacións e novas instalacións realizaranse de acordo coa normativa vixente, coa intervención dos técnicos competentes necesarios e coa aprobación dos organismos que procedan.

Os cambios que se produzan nas instalacións, aparatos, sistemas e equipos dispoñibles durante a vixencia do contrato non afectarán ás condicións nel contidas.

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, a empresa adjudicataria deberá contar cos medios técnicos, persoal, maquinaria, ferramenta e material necesarios para garantir o servizo e a atención de todas as tarefas de mantemento incluídas no lote correspondente. En instalacións que pola súa complexidade técnica ou pola imposibilidade de contar cos medios específicos se poida subcontratar a outras empresas especializadas, a subcontratación deberá ser autorizada polo Concello de Boqueixón, de acordo co establecido no artigo 227 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLRSP) aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A empresa adjudicataria designará a unha persoa que a represente fronte ao Concello de Boqueixón para a xestión deste servizo, que se responsabilizará da prestación dos servizos e do cumprimento do contrato. Este representante terá competencias para a toma de decisións no momento que sexa necesario e responsabilizarase do persoal e das tarefas de mantemento. Con periodicidade trimestral, e sempre que o Concello de Boqueixón o requira, o responsable por parte da empresa adjudicataria despachará co interlocutor que o Concello de Boqueixón designe, informando sobre avarías no mantemento, deficiencias observadas, tarefas realizadas de mantemento preventivo e correctivo, medidas adoptadas, incidencias e outros aspectos que poidan interesar ao Concello de Boqueixón.

A empresa adjudicataria deberá estar en posesión de cantas licencias, permisos ou títulos oficiais precise para cumprir coa prestación obxecto do contrato, sendo pola súa conta todos os gastos e xestións que deriven da súa obtención. No momento de empezar a realizar o mantemento dos equipos as empresas adjudicatarias figurarán nos Rexistros de Empresas Conservadoras e Mantedoras de Ascensores da provincia da Coruña.

O Concello de Boqueixón resérvase o dereito de efectuar as comprobacións que estime convenientes respecto da calidade dos servizos realizados e procedementos empregados de cara a

asegurar que o mantemento e conservación se leva a cabo conforme ás esixencias do prego e aos compromisos contractuais establecidos.

A empresa adjudicataria levará un libro de mantemento dos aparatos elevadores incluídos neste contrato durante a súa duración, incluíndo unha memoria abreviada das instalacións, modificación dos aparatos e maquinaria, revisións realizadas, defectos atopados, tarefas de mantemento, materiais empregados, persoal que realizou estas revisións e modificacións, incidencias observadas... Este libro estará a disposición do Concello de Boqueixón e presentarse no momento en que esta ou calquera organismo competente o solicite. A responsabilidade do incumprimento desta obriga recaerá integramente sobre a empresa adjudicataria.

A empresa adjudicataria levará a cabo as accións necesarias para que todas as instalacións cumpran os requisitos legais e de seguridade esixidos, así como os Libros e Boletíns de Mantemento, dos que o Concello de Boqueixón pasará periodicamente control.

Os gastos dos libros preceptivos e dos contemplados neste prego correrán por conta do adjudicatario.

Para a realización de actividades non incluídas neste prego (albanelería, pintura, instalación de novos ascensores, adaptación a nova normativa...) o Concello de Boqueixón poderá asinar contratos cos adjudicatarios ou con outras empresas para a súa realización ou ben encargarllas ao equipo de xestión de mantemento do Concello de Boqueixón.

As operacións de mantemento da maquinaria e elementos das instalacións realizaranse de acordo coas instrucións do fabricante, mantendo as instalacións e equipos auxiliares nas condicións necesarias para a consecución dos obxectivos de produción e dispoñibilidade. A empresa adjudicataria realizará os plans de operación e os controis que indique o fabricante, segundo as pautas que este teña establecidas.

O Concello de Boqueixón proporcionará á empresa adjudicataria a enerxía eléctrica, auga e combustibles necesarios para realizar as operacións de mantemento de todas as instalacións obxecto deste contrato.

Durante as obras de mantemento, e especialmente ao remate delas, o adjudicatario deixará a zona de traballo limpa de chatarras, madeiras ou calquera outro útil empregado.

4. REPOSICIÓN DE PEZAS

Será por conta do adjudicatario a reparación e adquisición de repostos de todas as pezas debido ao desgaste polo uso. Entre estas pezas, e a modo unicamente indicativo, incluímos os compoñentes do grupo tractor (elementos de redución, tornillo sinfín, corona, devanados eléctricos, bobinas, freos e os seus compoñentes, poleas, coxinetes rodamentos...), limitadores de velocidade e compoñentes, cables de aceiro, elementos do guiado de ascensores, contactores, relés, bobinas, resistencias, todos os compoñentes electrónicos, botoneiras, pechaduras, sinalización luminosa, condutores eléctricos, aceites, lubricantes, elementos ornamentais....

O adjudicatario non está obrigado a efectuar ao seu cargo reparacións ou substitucións motivadas por obras, negligencia, mal trato, vandalismo ou causas fóra do seu control, ou por forza maior.

Tampouco serán por conta do adjudicatario as modificacións ou accións recomendadas ou aconselladas por organismos oficiais debidos a un cambio na normativa vixente, en particular a adaptación dos ascensores ao Real Decreto 57/2005.

As pezas que se deban repoñer terán idénticas características ás pezas orixinais deterioradas, con excepción das pezas descatalogadas ou doutras que non influan no funcionamento esencial do ascensor (decorativas, non funcionais...)

5. TEMPO DE RESPOSTA

No mantemento correctivo identificaranse as avarías críticas e non críticas. Consideraranse avarías críticas aquelas que imposibiliten o funcionamento esencial e básico dun ascensor (ou outros aparatos incluídos neste prego), atrapamento de persoas en cabinas, necesidade de auxilio... ou que pola súa natureza sexan consideradas fundamentais para a institución; as avarías non críticas correspóndense con aquelas que afecten ao funcionamento dos aparatos sen imposibilitar o funcionamento esencial e básico.

O horario de atención do servizo será de 24 horas ao día durante os 365 días do ano. No caso das avarías críticas o tempo máximo de resposta será dunha hora despois do aviso e nas avarías non críticas de 24 horas despois do aviso.

As tarefas de mantemento preventivo programado notificaranse aos servizos afectados do Concello de Boqueixón coa debida antelación para que estes tomen as medidas necesarias para facilitar a súa realización.

6. COMPROBACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PROGRAMA DE MANTEMENTO

As empresas licitadoras, antes de formular as ofertas poden realizar visitas previas as instalacións, tal e como se indica no prego de cláusulas administrativas. Se os ofertantes atopasen defectos nas instalacións, xunto coa oferta presentada, poden acompañar un informe expoñendo de forma detallada a situación e o estado no que se reciben as instalacións e equipos, e indicando as operacións necesarias para corrixilos. En caso contrario enténdese que todos os ofertantes coñecen e dan a súa conformidade ás instalacións, non podendo posteriormente alegar limitacións ou defectos delas como causa de mal funcionamento. A modo orientativo pódense incluír os seguintes datos:

- Equipos en mal estado que estean funcionando
- Equipos avariados e fóra de uso
- Avarías existentes
- Outros defectos nas instalacións

Boqueixón, XX de XXX de 2014

ANEXO I:

RELACIÓN DE ASCENSORES

Centro	Tipo	Marca	Núm. ascensores	Núm. de paradas
Casa do concello	Hidráulico	Orona	1	1

ANEXO II:

PROGRAMA DE MANTEMENTO MÍNIMO PARA OS ASCENSORES

1. Tarefas de mantemento programado con periodicidade mensual:

- Comprobación do correcto funcionamento de portas, pechaduras e nivelación da cabina en todas as plantas
- Comprobación do correcto funcionamento de todos os elementos de seguridade do ascensor
- Contraste da imposibilidade de apertura de portas sen que a cabina estea detida nesa planta
- Engraxe de todos os elementos que pola súa natureza o precisen, utilizando os lubricantes necesarios.
- Revisión e comprobación de todos os circuítos eléctricos con especial atención aos elementos de seguridade
- Verificación do equipo bidireccional de comunicación e alarma.
- Comprobación do estado de elementos reductores e móbiles: motores, portas, freos, cables de aceiro, suspensións...
- Limpeza do cuarto de máquinas
- Engraxe e lubricación de rodamentos, patíns, ferraxes de enclavamentos en portas...
- Revisión na cabina de alumeado, interruptores, botoneiras, recubrimentos..
- Revisión do alumeado do oco do ascensor
- Comprobación da prioridade dos mandos da cabina sobre os exteriores
- Comprobación de ausencia de auga no foso

En caso de detectar elementos deteriorados substituíranse as pezas antes de que polo seu estado poidan causar avarías ou anormalidades no funcionamento do aparato.

2. Tarefas de mantemento programado con periodicidade semestral:

- Limpeza do oco e comprobación de resortes de seguridade
- Verificación do consumo de enerxía eléctrica a plena carga
- Verificación do alumeado na cabina (incluída emerxencia) e no oco

3. Tarefas de mantemento programado con periodicidade bianual:

- Completa revisión de toda a instalación, previamente á inspección regulamentaria bianual da Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM 1
- Asesoría e coordinación da inspección regulamentaria por organismo de control autorizado pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia
- Acompañamento e asistencia ás entidades de inspección e control cando este sexa requirido por parte destes ou polo Concello de Boqueixón.
- Pintado ou repaso de pintura nas salas de máquinas.

3.Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Thyssenkrupp Elevadores, SL
C/ Isaac Peral 2, 3º Izq.
15190 A Coruña

Orona
Calle de Gutenberg, 40 B (Pol. Ind. La Grela) 15008 A Coruña

Ascensores Enor
Polígono Pocomaco, Parcela B3 (Módulo D) 15190 A Coruña

12.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace

O Alcalde